

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de outubro de 2022**

Ás 17.30 horas do día 20 de outubro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourense: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de setembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 22 de setembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES ANTE O PROBLEMA DE CONTAMINACIÓN NAS COMARCAS DA LIMIA E A BAIXA LIMIA E A AMEAZA DE DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO ZONA VULNERABLE.-

D. Bernardo Varela López, do Grupo Provincial do BNG, explica o contido da moción. Engade tamén que lle preocupa unha noticia que saíu na prensa que di que a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia quere facer unha concentración parcelaria na zona de Rairiz de Veiga para fomentar a implantación de gandería intensiva, é dicir, para construír máis granxas, nunha zona que xa está saturada, e todo isto cando hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se di que para autorizar este tipo de actividade hai que facer unha valoración integral, e non pode ser que unha administración que debe velar para que non haxa esta declaración de zona vulnerable, coas consecuencias que iso trae, sexa a que promova a construción deste tipo de granxas das que ese territorio xa está saturado.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que hai que estar todos os grupos políticos unidos nesta cuestión xa que a zona da Limia, da que ela provén, está saturada deste tipo de granxas. Expón que este é un tema que non se quere abordar pero que é moi preocupante incluso para a saúde da xente desa zona, e di que é o momento de parar, reflexionar e buscar unha solución. Di que vai reservar o seu voto para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, di que o que máis lle preocupa disto é que é un debate de xa hai dez anos e non se fixo nada para solucionar este problema, e as administracións, en xeral, ante a complexidade que supón solucionalo no fixeron nada. Di que é un debate moi profundo e que chega a hora de buscar solucións. Pensa que se está desaproveitamento un bo momento dos fondos europeos para destinalos a atallar este problema.

A **presidenta da Comisión** intervén para dicir que o Grupo Popular fai unha reserva de voto para tratar este tema con máis profundidade no Pleno.

Bernardo Varela López, do Grupo Provincial do BNG, di que quere que haxa constancia de que existe este problema e, por desgraza, teñen que vir desde Europa a dicirnos que temos que por unha solución. Sabe que estamos ante un tema moi sensible, é un tema delicado que abrangue moitos aspectos, entre eles un aspecto socioeconómico moi importante que hai que asumir, xa que en pouco tempo, se isto segue igual, a declaración de zona vulnerable danaría á propia industria. Sabe que a Deputación neste tema pouco pode facer pero o que quere é dar visibilidade ao problema para chamar a atención daquelas administracións que teñen a obriga de solucionalo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Provincial do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Reclamar da Xunta de Galicia que a través da Consellería do Medio Rural faga público con carácter inmediato o “Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia” xa rematado en novembro do ano 2021, e que se implementen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións neste mesmo ano 2022.
2. Reclamar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que como organismo da Conca do Río Limia emprenda as accións conducentes a minimizar a contaminación das augas e a mellora e optimización dos sistemas de regadío.
3. Instar á Xunta de Galicia a facer público en que estado se atopa o expediente de declaración da Limia como “Zona vulnerable por nitratos” e que medidas ten tomado ata este instante para evitar esta declaración, se é que efectivamente ten tomado algunha.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **Sra. Presidenta da Comisión** di que na comisión do mes pasado, Bernardo Varela López, do Grupo Provincial do BNG, fixera unha pregunta sobre se existe algunha novidade en canto á licitación da xestión de Meisa, é precisamente, hai uns días, en concreto o 7 de outubro,

publicouse o prego de licitación da xestión de Meisa, co cal está o prazo aberto para que calquera empresa que queira poida participar

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, di que hai tres ou catro meses fixera unha pregunta sobre o contedor marrón, o contedor de materia orgánica, pois en xaneiro de 2024 hai que telo implantado e pregunta se xa se avanzou algo por parte da Deputación neste sentido.

A presidenta da Comisión di que preguntará na Área correspondente e dará traslado do que lle comuniquen.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre o proxecto de turismo intelixente, denominado “Hay un Ourense para ti, descúbrela”, que parece ser, segundo unha noticia que se publicou na prensa, é finalista nuns premios, e quere saber como vai ese proxecto, que cre que xa se presentou en 2019, e que segundo o proxecto se ía crear un portal web, se ían instalar cámaras en distintos concellos, ía haber unha aplicación móbil. Ademais chámalles a atención que na plataforma de contratación a licitación deste proxecto está desestimada.

A presidenta da Comisión di que preguntará e se lles dará información sobre este proxecto do que xa preguntou tamén o Grupo Socialista na Comisión de Transparencia.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.